


# Preparación e observación de tecidos e estruturas vexetais





## **EPIDERME CON ESTOMAS**

1. Coa axuda dunha agulla enmangada e dunhas pinzas, rasgar unha pequena porción da epiderme do envés dunha folla de hedre ou de allo porro (intentade non arrastrar o parénquima que hai debaixo).
  2. Colocar a mostra nun portaobxectos.
  3. Engadir unha pequena gota de auga sobre a mostra.
  4. Colocar o cubreobxectos sobre a mostra empregando papel secamãns para eliminar o exceso de auga.
  5. Observar co microscopio óptico.
- 



## **EPIDERME CON INCLUSIÓNS DE SALES**

1. Cortar unha pequenísima mostra da pel externa (dura) dunha cebola e dunha cabeza de allo.
  2. Colocalas sobre un portaobxectos.
  3. Colocar o cubreobxectos sobre as mostras.
  4. Observar co microscopio óptico.
- 







# Preparación e observación de tecidos vexetais




## TRICOMAS

1. Colocar unha gota de auga sobre un portaobxectos.
  2. Raspar cunha lanceta unha pequena porción de pelos da epiderme do envés dunha folla de olivo sobre a gota de auga do portaobxectos.
  3. Enxaugar a lanceta sobre a gota de auga.
  4. Colocar o cubreobxectos sobre a mostra, eliminando o exceso de auga con papel secamáns.
  5. Repetir os pasos anteriores coas diferentes follas: níspero, estruga, silveira, menta, kiwi etc.
  6. Observar co microscopio óptico.
- 




## PARÉNQUIMA DE RESERVA

1. Raspar cunha lanceta unha pequena porción do interior branco dunha pataca e colocar o raspado sobre un portaobxectos.
  2. Colocar o portabxectos sobre a base dunha placa de Petri.
  3. Engadir 2-3 gotas de Lugol sobre a mostra, cubríndoa.
  4. Deixar repousar durante 2 minutos.
  5. Lavar con auga, botándoa sobre a mostra gota a gota.
  6. Colocar un cubreobxectos sobre a mostra, secando o exceso de auga co papel secamáns.
  7. Observar co microscopio óptico.
- 





## **PARÉNQUIMA CLOROFÍLICO**

1. Coa lanceta, raspar unha pequena porción da superficie do envés dunha folla de hedra.
  2. Colocar a mostra sobre un portaobxectos.
  3. Engadir unha gota de auga sobre a mostra.
  4. Colocar un cubreobxectos sobre a mostra, eliminando o exceso de auga con papel secamáns.
  5. Observar co microscopio óptico.
- 



## **ESCLERÉNQUIMA**

1. Co bisturí, raspar unha pequena porción do mesocarpo (parte carnosa branca) nunha zona próxima ó epicarpo (pel).
  2. Colocar a mostra sobre un portaobxectos apoiado na base dunha placa de Petri.
  3. Cubrir cunhas gotas de verde de metilo e deixar actuar durante 5 minutos.
  4. Lavar a mostra cunhas gotas de auga.
  5. Colocar un cubreobxectos sobre a mostra, eliminando o exceso de auga con papel secamáns.
  6. Observar co microscopio óptico.
- 